

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúne no Pazo provincial ás 10:25 h do día 16 de febreiro de 2024, baixo a presidencia de **DNA. MARTA FERNÁNDEZ-TAPIAS NÚÑEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS, DNA. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, DNA. MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. JAVIER TOURÍS ROMERO** en substitución de **D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ** na vacante producida pola renuncia de **D. CARLOS LÓPEZ FONT, D. CARLOS GÓMEZ PRADO, DNA. ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, DNA. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e **DNA. MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 19 de xaneiro de 2024.

2. DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA O ANO 2024 DO PROGRAMA “+MÚSICA” DE APOIO Á PROGRAMACIÓN ARTÍSTICA PROFESIONAL EN GALEGO NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (Expte. 2024003386)

A presidenta dá conta das bases reguladoras do programa “+Música”, de apoio á programación artística profesional en lingua e/ou autoría galega, que inclúen a aprobación do Catálogo “+Música”, co inventario de grupos e artistas profesionais de música que poderán optar a realizar as actuacións nos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes que o soliciten.

Estas bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2024, e saíron publicadas no BOPPO núm. 24, de 2 de febreiro de 2024. Nelas recóllense as condicións de solicitude e adxudicación de actuacións, así como o importe total destinado ao programa, que será de seiscentos mil (600.000,00) euros financiados con cargo á aplicación orzamentaria 24/330.3340.226.30 da Deputación de Pontevedra para 2024.

3.- DAR CONTA DAS BASES DO PROGRAMA EDUCATIVO DE VISITAS GUIADAS “ROSALÍA, A SÚA CASIÑA, O MEU LAR” PARA OS CENTROS ESCOLARES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA Á CASA – MUSEO DE ROSALÍA DE CASTRO NO 2024 (Expte. 2024001784)



A presidenta dá conta das bases do programa educativo de visitas escolares “Rosalía, a súa casa, o meu lar”, que teñen por obxecto definir o conxunto de condicións e o proceso de concesión de visitas guiadas para centros escolares sostidos con fondos públicos da provincia de Pontevedra á Casa-Museo de Rosalía de Castro no ano 2024.

Estas bases saíron publicadas no BOPPO núm. 28, de 8 de febreiro de 2024 e nelas recóllese a dotación económica destinada a dito programa, establecida na aplicación 24/334.3340.22799 do Orzamento provincial para o 2024, por un importe de vinte e sete mil cen (27.100,00) euros.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 10:30 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión, do que eu como secretaria dou fe.

